

# XORNALIÑO

ANO XVII · Nº 16 · CEIP «FRANCISCO VALES VILLAMARÍN» · BETANZOS · XUÑO 2023



Marta





## SUMARIO

Saúdas	1 - 4
Un cole con historia	5 - 18
Peque novas	19 - 36
Recunchos	37 - 44
Pasatempos	45 - 49
Crónica dunha celebración	50 - 52



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA



BIBLIOTECA  
CREATIVA



PLAMBE



Concello de  
Betanzos

Edita  
CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

Maquetación e Impresión  
LUGAMI ARTES GRÁFICAS. Betanzos



# E xa pasaron 50 anos!

Ese é o pensamento que nestes días me viña continuamente á cabeza.

Seguramente non son a persoa máis obxectiva para falar do CEIP Francisco Vales Villamarín. Parece que foi onte, pero xa hai 50 anos, cando se inaugurou, que cheguei por primeira vez ao colexio, e aínda continúo nel. Durante estes anos formei parte da comunidade educativa como alumno, como pai de alumnado, como mestre e como director. E podo asegurar, que desde todas as posicións fun unha persoa feliz.

Está claro que sempre houbo situacións complicadas, pero o xeito de afrontar esas situacións é, precisamente, o que máis define ao Vales. Este colexio caracterízase polo espírito de coordinación, de colaboración, de solidariedade, de actitude positiva e de traballo en equipo, tratando de minimizar os problemas e debilidades e potenciando as nosas fortalezas.

Neste curso 2022-2023 estamos a celebrar o 50º aniversario con diversos actos que me permitiron descubrir que ese sentimento especial que teño co colexio é común a moitas máis persoas que durante cincuenta anos participaron no camiño percorrido.

O proxecto deste centro educativo fundaméntase na pluralidade, na coeducación e nos valores democráticos. Existe unha aposta clara por unha formación integral, amosando interese pola innovación e o progreso sostibles, ao tempo que potenciamos o respecto e a defensa do noso medio natural e do noso patrimonio.



**Alejandro Sánchez Amado**  
DIRECTOR

Da cantidade de premios recibidos, creo que teñen especial relevancia o do Mellor Proxecto de Formación Permanente do Profesorado e o Premio Nacional á Inclusión de Alumnado con Necesidades Educativas Especiais, porque fan referencia a dúas das liñas prioritarias de actuación no colexio: a formación do profesorado e a atención á diversidade.

E o 5 de maio deste 2023, o colexio recibiu un dos maiores recoñecementos que Betanzos concede, a Medalla de Prata da Cidade, motivo de especial orgullo para calquera persoa que se sinta parte deste gran centro educativo.

Os meus mellores desexos para toda a comunidade educativa para que sexa tan feliz coma o fun eu durante estes anos, gozando da viaxe e tentando colaborar para que o Vales mellore día a día.



## CEIP Francisco Vales Villamarín: memoria e icona de Betanzos

A memoria colectiva faise de pequenos anacos de realidade e das experiencias comúns que xeracións enteiras comparten. Hai aspectos que vencellan a todo un territorio nunha vivencia común, nun mesmo espazo, e que dalgún modo pasan de pais a fillos como un legado imperecedeiro. No caso de Betanzos, ser alumno do CEIP Francisco Vales Villamarín é un feito evidente de pertenza á localidade.

Nos últimos 50 anos, o centro consolidouse como a maior canteira de talento mozo do Concello e, case por extensión, da comarca. Un prestixio e unha concorrencia da que nace gran parte da historia recente de Betanzos, e que une a formación estritamente académica co desenvolvemento persoal e emocional de cada un dos seus alumnos e, mesmo incluso, dos seus docentes.

O Vales Villamarín converteuse nun punto de encontro entre xeracións e familias brigantinas; unha sorte de microrrealidade que a xente de fóra do concello non logra entender porque non a viviu. Quen pasou polo centro, revive con fonda nostalxia as súas vivencias alí, e incluso desexa regresar; non en van, dos 69 profesores que conforman o corpo docente, 17 estudaron no propio colexio.

Moi poucos centros en toda Galicia lograron construír deste modo unha comunidade educativa que implique de xeito tan elemental a docentes, alumnos e familias no desenvolvemento colectivo. Un centro que vive en clara relación embrionaria co seu Concello, e que evoluciona paralelamente ás necesidades e á realidade que experimenta Betanzos e o resto do mundo.



**Román Rodríguez González**

CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN,  
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Non en van, dende o centro houbo un claro esforzo por buscar sinerxías con axentes e institucións culturais e económicos para enriquecer o seu programa educativo e, ao mesmo tempo, fortalecer o tecido local. Neste senso, o CEIP Francisco Vales Villamarín contribuíu á cohesión territorial e ao asentamento poboacional.

Neste 2023, co seu 50º aniversario ben presente, debemos reivindicar a gran traxectoria que se vén construíndo dende o CEIP, ademais de reflexionar sobre o que se logrou e o que queda por acadarse. Debemos proxectar novos camiños que avancen ao futuro, e que inclúan a innovación educativa, a inclusión e a sustentabilidade como bandeiras principais.

Para Betanzos e para Galicia debe ser un orgullo contar cun centro desta entidade, e por iso agradezo a dedicación e os esforzos dos principais implicados, e desexo que o centro siga crescendo ao abeiro das novas xeracións, que constrúan nel un dos episodios máis inesquecibles e fermosos da súa biografía. Por outros 50 anos máis, viva o CEIP Francisco Vales Villamarín.



Estimada Comunidade Educativa:

Este curso todos e todas rendemos unha máis que merecida homenaxe ao CEIP Francisco Vales Villamarín no seu 50 aniversario.

Porque somos centos e centos os betanceiros e betanceiras que ao longo destes 50 anos pasamos polas súas aulas, xunto cos veciños e veciñas de Coirós e Paderne, e que recordamos con añoranza e, sobre todo, con moitísimo cariño os nosos anos no centro.

Porque somos tamén centos e centos as familias que vimos medrar aos nosos fillos e fillas no seu recinto, e non só medrar en idade e coñecementos, que por suposto, se nón tamén medrar en valores, sempre importantes e hoxe en día máis, se cabe; valores como o respecto a todo e a todos, valores como a diversidade e a igualdade no máis amplo sentido destas dúas palabras; valores que xunto a unha in mellorable labor académica e pedagóxica fan do Vales un referente entre os colexios públicos de toda Galicia.

O Concello de Betanzos debe felicitar e felicita ao CEIP Francisco Vales Villamarín polo seu aniversario, pero sobre todo, debe darlle as grazas. Grazas a todas as persoas que ao longo destes 50 anos o encheron de vida e de valores, a todos os equipos directivos que por el pasaron, a todo o persoal docente, e ao persoal non docente tamén, á xente que fai posible o comedor ou as actividades extraescolares, e a todo o alumnado, grazas. Grazas por facer de Betanzos unha vila fachendosa, tamén, de ser do Vales.



**María Barral Varela**  
ALCALDESA DE BETANZOS

Todos estes motivos fixeron merecedor ao centro dunha das máis altas distincións que otorga o noso Concello, a Medalla de Prata da Cidade de Betanzos.

E remato desexando outros 50 anos de éxito ao centro, para o cal será imprescindible unir esforzos entre todos e todas, e que mellor excusa que este 50 aniversario para dar os primeiros pasos nese senso. O Concello aí estará, coa man tendida cara ao centro e á Xunta de Galicia, para abordar todas as melloras necesarias e que engrandecerán máis, se cabe, este colexio.

Parabéns e grazas.

# ANPA BRIGANTIUM

Dende a ANPA BRIGANTIUM agradecemos este espazo que se nos ofrece e aproveitamos para felicitar a toda a comunidade educativa neste 50 aniversario do CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN, centro ao que estamos vinculados.

Como todos/as sabedes, somos unha Asociación sen ánimo de lucro, integrada por nais e pais de alumnos/as pertencentes ao colexio, que dende hai anos realizamos diferentes funcións recollidas nos nosos Estatutos, entre as que destacamos:

- Asistir as familias en todo o que interese á educación dos seus fillos/as.
- Colaborar nas actividades educativas ou extraescolares do Centro.
- Potenciar a participación das familias na xestión do Centro.
- Asistir as familias no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- Facilitar a representación das familias no Consello Escolar do Centro.
- Estimular a participación das familias na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.
- Potenciar as relacións de cooperación do Centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais da contorna.
- Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado sen discriminación por razóns socioeconómicas e ideolóxicas, confesionais, de raza ou de sexo.

- Esixir os poderes públicos ou o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relacionados coa educación, procurando a atención e a asistencia que esta corresponda.
- Promover actividades educativas, culturais e de estudo.

Ao longo destes anos tivemos que loitar en distintos ámbitos, para esixir que se atendan as nosas reivindicacións. Unhas veces conseguíronse e outras non.

Entre algunhas destas demandas destacamos:

- Traspaso da xestión do comedor ao Concello.
- Solicitar que a xestión das actividades extraescolares sexa asumida por unha administración pública.
- Petición de un cole novo que acabou sendo o actual "aulario".
- Solicitude reiterada de mellora da xestión do transporte escolar.
- Petición para executar reformas nos edificios do colexo, realizándose so parte dela e quedando pendente a outra metade.

En definitiva, seguimos traballando por unha EDUCACIÓN PÚBLICA DE CALIDADE, para que os/as nosos/as fillos/as poidan desenvolverse da mellor maneira posible, nun ambiente óptimo.

Aproveitamos tamén para facer unha solicitude ás/os nais/pais do alumnado para que participen e formen parte activa desta Asociación...

Para rematar, felicitar unha vez máis a toda a comunidade educativa por este aniversario tan especial, e desexar que haxa moitos máis.



# Cartas a mis nietos

Mis queridísimos Eva y Roque:

Hace ya dos días que he llegado a Toledo y todavía estoy en «shock», recordando la experiencia o el acontecimiento —ambos conceptos son válidos— que he vivido en Betanzos, el pueblo —Ciudad de los Caballeros— en el que nació mi Padre, vuestro bisabuelo. ¡Cuánto hubiera dado por teneros conmigo!

Fue una experiencia imperecedera. No es fácil sentirse observado por quienes deseaban honrar a mi progenitor, mientras yo destapaba una placa, debajo de otra que él, vuestro bisabuelo, había descubierto cuarenta y un años antes. Me sentí usurpador de un protagonismo que no me correspondía, pues, a mi parecer, yo sólo era el mensajero. Ahora, con la lejanía de fondo, puedo confesaros que, en aquel momento, un nudo se formó en mi garganta y hube de disimular una, o dos, lágrimas que se deslizaban por mis mejillas.

Pero, el peor trago no había llegado y, pese a ello, fue un acontecimiento inenarrable que me hizo sentir una persona importante, sin merecimiento alguno. Por unos largos minutos, fui el centro del universo, rodeado de un atento plantel de profesores, desviviéndose por lo que yo representaba; de invitados —algunos betanceiros, amigos de mi infancia—, de representantes institucionales y, cómo no, de mi querida familia, todos afectados por el mismo común denominador: el Colegio y sus cincuenta años.

Fue, al comenzar la lectura de mi humilde alocución, cuando el ánimo parecía no responderme, pese a estar mentalizado con alguna imprevista alteración emocional. Esta situación me hizo reconocer lo difícil que es hablar del propio padre, cuando se le siente tan cerca y la Ausencia lo desvanece. Los músculos parecen agarrotarse, se conjuran las palabras y se nubla la vista. Realmente,



fue cuestión de segundos lo que me costó reaccionar, pensando que era la Verdad y nada más que la Verdad, lo que iba a exponer sobre la personalidad de mi Padre, vuestro bisabuelo, y eso, hizo sentirme fuerte y capaz, dominando, finalmente, el momento.

Y esta es, simplemente, la lección que me gustaría explicaros, a vosotros, mis adorados nietos, y a los alumnos que estudian en el Colegio que lleva el nombre de mi Padre, vuestro bisabuelo. No existe obstáculo alguno que impida hacer lo que uno se propone cuando está acompañado de la razón, de la honestidad y la dignidad de aquello que defiende.


Esto es, convencido estoy, cuanto, diariamente, os proponen vuestros profesores, a cuyo Claustro, aprovecho para enviar mi gratitud por su invitación y tan grato gesto de solidaridad con nuestra familia, pero, sobre todo, por su entregada labor pedagógica y creativa y, también, como preámbulo a otros cincuenta años del Colegio «Francisco Vales Villamarín», de Betanzos.

Os aseguro, queridos nietos, fue un día muy señalado para la añoranza y la alegría, vínculos que, así lo espero, nos unirán más, si cabe, con este Colegio «noble e xeneroso».

Doy gracias por haber estado allí, en donde todo resultó puntual y encadenado, a la vez que emotivo, aleccionador e intachable.

Con mucho cariño,  
**José Domingo Vales**

(fillo de Francisco Vales Villamarín)



## Entrevista a Isabel Maceiras, mestra xubilada do CEIP Francisco Vales Villamarín

O pasado 9 de decembro tivemos unha visita especial no cole por parte dun grupo de mestres e mestras xubiladas. Na aula de 2ºD tivemos a sorte de contar con Isabel Maceiras que nos contou moitas cousas sobre o noso cole cando era mestra e tamén da súa vida.

¿Cantos anos tes?

**Teño 65 anos e levo xubilada 5**

¿En que outros coles fuches mestra?

**En Mondego, Sada e en Curtis onde fun metra de Lucas Pérez**

¿Cal é a túa cor favorita?

**A miña cor favorita é o vermello, por eso veño vestida con esa cor**

¿Tes mascotas?

**Encántanme os animais e teño dous cans e tamén galiñas**

¿Tes fillos ou filla?

**Si, teño un fillo que naquela época tamén viña ao cole, viñamos xuntos. Agora teño dous netos.**

¿Cal é a túa comida favorita?

**A lasaña e non me gusta o arroz con leite**

¿Praticas algún deporte?

**Si, ximnasia e natación ademais de camiñatas.**

¿Como o pasabas no cole?

**Moi ben**



¿Cómo se portaba Cris, a titora e os alumnos e alumnas?

**Portábanse moi ben todas e todos. En clase eramos entre 30 e 35 alumnos e alumnas ademais de personaxes como "super Pipi" ou "Señor Teijo" que formaban parte do día a día da aula.**

¿Ti portabaste ben no cole?

**Si e gustábame que houbera "bo rolo" xa que odio as pelexas, fanme sentir inómoda.**

¿Gústanche os videoxogos?

**Cando era pequena non había, xogabamos á corda, ao parchis, etc ou iamos ao cine.**

¿Deixabas coarse na fila?

**Se non había pelexas e empuxóns podían ceder o sitio aos compañeiros e compañeiras.**

Con esta pregunta concluímos a entrevista e tivemos un tempo para facer uns debuxos para que levase de recordo.





# Vales

**Antonio Maceira Amado**

E... véxote, meniña  
con globos de cores;  
como te ceibas saltando  
polo patio inmenso  
dos saltos, dos choutos, dos brincos...  
dos xogos  
polo patio do colexio!  
Como naciches!  
... na humidade da enchente  
e no frío do cemento.  
No porto, tres aulas con catro paredes  
a ámbolos lados,  
... con cristais transparentes,  
que tomaron vida e latexo  
co bulicio dos nenos!!  
Acicalado!; só nunha parte  
na pface,  
antes do cincoenta aniversario.  
Tememos, por vellos, que vos enrede  
nos adiantos  
no que nos dirixen algúns fins  
espelidos.  
Tememos, por vellos, que haxa unha  
volta a atrás...  
que debería afogar;  
pero sempre os vellos, por vellos,  
temeron!  
e... fuximos dos temores  
rexuvenecendo,  
coma brincan os nenos,  
... só con vervos!!

**FELIZ ANIVERSARIO!**

... colexio!

... colexio!!

## Recordos de Infantil

Carmen, Eugenia, Toñita, Pepa, Sonia, M<sup>a</sup> José, Merchi... non se pode nomear a todas as compañeiras que pasaron por infantil (compañeiros, soamente nos últimos anos) sen correr o risco de olvidarnos de alguén.

Parece un guión de película se pensamos en traballar separadas, unhas no colexio e outras no Hospital de San Antonio ou nas aulas de S. Francisco, incluso na escola dos Remedios; con xornada partida, aulas con vinte-cinco alumnos/as ou máis ata que se regulou a ratio por aula, sin ninguna hora "libre" e con gardas de recreo a diario. Algunhas das compañeiras xubiladas aínda recordan cando eran as mestras de párvulos, despois de pre-escolar con alumnado de tres e catro anos e máis tarde de infantil cando se empezaron a escolarizar os nenos e nenas de tres anos. Non resulta difícil recordar cando non existía a figura do coidador, nin profesorado especialista (relixión, inglés, pt, al....) e as titoras tiñan que multiplicarse para atender todas as necesidades que se presentaban no seu grupo-clase. Pois quedábanos folgos para reunirnos coas unitarias (Ois e Coirós) e enrolarnos en proxectos que ata acadaron algún que outro premio. Agora recordámos aquela época con moito cariño e moitas de nós continuamos sendo compañeiras (de festas, andainas, cafés, teatro, whassap e o que faga falta) porque traballar codo a codo, día a día une moito. Diríamos que ás veces con-

fúndense os termos compañeiras e amigas.

Naquela época en que estabamos en activo pasamos de estar separadas a estrenar un edificio novo: un edificio de infantil!!! Tiñamos biblioteca, aula de psicomotricidade, empezamos a ter profesorado de apoio. Non o podiamos crer, e tanto foi así que cando nos dimos conta xa estabamos ocupando aulas do edificio de primaria porque non era suficiente o edificio de infantil. Era o noso destino porque o paso seguinte sería construír un aulario aínda máis separado do edificio de primaria. Pois parece que cantas máis pedras no camiño, cantos máis problemas hai que superar, máis unión se da entre o profesorado. Agora a maioría das mestras tanto xubiladas como en activo xa non somos soamente compañeiras, somos tamén amigas e sendo así, temos que xuntarnos para celebrar o 50 aniversario e volver a recordar cando non sabíamos o que era eso dos "apoios" ou o traballo por proxectos ou o das horas "libres", por non falar daqueles vocablos que nos puxeron os pelos de punta: "novas tecnoloxías", "Xade", "competencias"... Todo cambiou moito, da tiza á pizarra dixital, do reproductor de casetes a Youtube, das notas na mochila aos mensaxes "Abalar"... pero hai algo que perdura nestes 50 anos de Vales, algo que para entendernos chamaríamos "bo rollo". Non cabe máis que desexar que aqueles que nos releven o vivan do mesmo xeito, sendo felices co traballo que fan e facendo felices aos nenos e nenas do Vales.

Feliz 50 aniversario!!!

**Carmen Vázquez, Merchi Sánchez,  
Toñita Otero e Pilar Vázquez**





## Vocación

O significado da palabra vocación: "Inclinación ou interese que unha persoa sente no seu interior para adicarse a unha determinada forma de vida ou a un determinado traballo". Esta é a definición da profesión das mestras e mestres.

Durante a posguerra española había un dito "pasas máis fame que un mestre de escola", porque nesa época a vida, para a maioría da poboación, era pasar fame, frío e moitas necesidades. Os mestres e mestras tamén sufrían estas precariedades. As nais e pais, nas escolas das zonas rurais levavánlles patacas, ovos, carne da matanza, etc., pagando así as ensinanzas que lles proporcionaban aos seus fillos. O traballo dos mestres tiña que ser moi valorado para que as familias compartiran con eles o pouco que tiñan.

A forma de vida elexida polos mestres era dura, pasar frío, fame fora dos seus fogares, transmitindo coñecementos as nenas e nenos dende os 6 aos 14 anos, todos mesturados (por idade non por sexo) e que ían ou non á escola dependendo do traballo que houbera na casa; incluso facendo turnos cando eran varios irmáns para cubrir as tarefas da casa e da horta.

Esta situación mudou coa construción dos colexios comarcais, como é o caso do Vales, no que o alumnado estaba clasificado atendendo a súa idade, por cursos, en varias aulas, cada unha co seu profesor e xa no caso dos cursos superiores impartindo a súa asignatura. Por fin dignifícase a figura dos mestres, o seu traballo segue a ser valorado polos pais e nais e polo Estado que comenza a pagar un salario digno polo seu maxisterio.

Hoxe os mestres téñeno moi difícil, enfróntanse a unha infancia que vive entre algodóns, que non ten fame de aprender, que perdeu a capacidade de asombro e a uns pais e nais que cuestionan continuamente a labor

dos mestres, que esixen educación en lugar de ensinanza, cando a maior porcentaxe da educación apréndese na casa, no entorno familiar, e a restante ben dada pola complicidade dos mestres cos pais.

A nosa condición de avoas e avós, a perspectiva que nos da a experiencia vivida permítenos valorar a dedicación dos mestres actuais, que teñen mil tarefas, coidar, educar, ensinar coñecementos e valores, ser imaxinativos, lidiar coas nais e cos pais que pensan que o seu neno/a é único. Agora xa teñen antes de desexar telo, tanto xoguetes ou calquer tipo de artiluxio, pero a vida de adulto non vai a ser así, polo que teñen que ter frustracións e ter as ferramentas para superalas; ferramentas que os mestres e mestras lles proporcionan e que os pais e nais teñen que aplaudir, aínda que moitas veces non concorden, en lugar de quitarlle a autoridade que un mestre ten ante o seu alumnado.

Non nos queda máis que agradecer ao cláustro do CEIP Vales Villamaría a súa elección de vida, e pedir ao alumnado actual que se aproveite do que as súas mestras e mestres lles ensinan, lles recomentan, lles propoñen, lles amosan; porque o bo facer dun mestre abre horizontes, amosa camiños e alternativas á vida futura; ofrece ferramentas que lles van a permitir ter capacidade para sopesar distintas opcións e poder elexir; en realidade, ser máis libres e mellores persoas.

Finalizo cunha cita que lle escoitei ao mestre e pedagogo Eduardo Fuentes Abeledo:

"Yo, señores, confieso que tengo una fe inquebrantable en el maestro. Dadme un buen maestro y él improvisará el local de la escuela sin falta, él inventará el material de enseñanza, él hará que la asistencia sea perfecta; pero dadle a su vez la consideración que merece...". Bartolomé Cossío (1857-1935)

**Aurita Picado**  
Unha avoa, exalumna do Vales

# Vales Villamarín

Podo falar do Vales como un dos nenos que cambiou o sua zona de confort por un mundo máis amplo. Para min foi pasar das naturais ao coñecemento do medio, pasar da Angustia e Castro ao resto do mundo.

O colexio de Castro, construído nos anos 60 como os de toda a xeografía española polo rexime franquista, contaba cunha única aula na que se amoreaban os nenos varóns dende os 6 anos ata que deixaban a escola. Como en todos esos colexios unha das paredes estaba conformada por unha morea de ventanais que daban moita luz ao interior, unha sala na entrada que facía de roupeiro e dúas pequenas instancias, o cuarto das ferramentas e o retrete (un buraco no chan pero xa con agua corrente que daquela non había en casi ningunha casa), No piso superior estaba a vivenda do mestre.

Cando se empezaba con cinco ou seis anos a cada neno se lle asignaba un padriño que durante unha hora o día lle ensinaba a ler e escribir e tamén era o encargado de colgar e descolgar a súa roupa, nuns colgadores adaptados os máis altos, e de atender as necesidades dese neno.

O horario escolar era de luns a venres de 10,00 a 13,00 e de 15,00 a 17,00, e os sábados so para labores extraescolares de 10,00 a 13,00, barrer e fregar a aula, limpar as mesas, acondicionar os xardíns darredor e cuidar a leira que o mestre tiña na parte posterior do edificio onde plantaba leitugas, tomates, patacas etc, quero decir onde plantabamos. Era corrente tamén levarlle agasallos o mestre un polo, unha peza da matanza, patacas etc.

O colexio das nenas era na Angustia, nunha casa vella que rematou por virse abaixo polo

que as nenas tamen foron o colexio de Castro. Entón o horario mudou nenos de 09,00 a 14,00 nenas de 14,00 a 19,00 non quero imaxinar os invernos de finais dos 60 retornar dende Castro a Angustia polas corredeiras as sete da tarde. ¿Que razón había para que a distribución fose así?, o parecer os nenos axudaban nas labores do campo que se facían principalmente polas tardes e as nenas nas do fogar que se facían pola mañá, eso decían. Podedes imaxinar que as tarefas que facíamos antes os sábados dentro da aula adoptáronas as nenas e nos seguimos cos cuidados do exterior. Como podedes ver a distribución de tarefas por sexos era o habitual.

No curso 72-73 ás dúas sesións fixéronse mixtas e 4º, 5º e 6º íamos pola mañá e 1º, 2º e 3º pola tarde xa coa EXB en marcha.

Non recordo a facer exames pero si que non todos promocionaban de curso debía tratarse xa dunha técnica novedosa de avaliación continua.

Chega a primaveira do 73 e o traslado ao COLEGIO NACIONAL COMARCAL MIXTO DE BETANZOS. Eu cursaba 6º de EXB, eramos 6 alumnos tres nenos e tres nenas, a dous rapaces que naceran no 59 destináronos ao 8º curso para que finalizaran os estudos polo anterior plan, aos demais integráronos nunha aula da terceira planta (desas que si-guen igual que daquela), con nenos e nenas de Guiliade, Pielada, Xan Rozo e Infesta. Facíamos horario partido e a comida facíamola no comedor, menús variados aínda que plato único: ovos cocidos con pan, lata de sardiñas con pan, bocadillo con pan, empanada, ..... A bebida era auga da fonte da Magdalena que por turnos e días íamos a carrexar os rapaces, lóxicamente sen protección civil, nin policía para cruzar nin adaptación dos garrafóns a nosa forza. Pero PASÁBASE BEN.

O noso mestre axudounos nas notas de fin de curso e concedeunos un notable colectivo en todas as asignaturas, o que sirveu para que no curso seguinte (7º de EXB) nos



colocaran na aula A na que a nota media tiña que ser de notabeis e sobresaíntes, aula B de bens e notabeis e así ata a E ou F.

Esta distribución por notas e non seguindo o orde alfabético continuou no curso seguinte e no medio das avaliacións si as notas baixaban ibas cambiando de clase e viceversa. O sistema antollaseme inxusto pero nese tempo nin se protestaba e ninguén se plantexaba o dano psicolóxico que se podía causar ao alumnado encasillandoo nun prototipo de éxito ou fracaso.

Teño que decir que a un neno como eu, da aldea, o Vales servíume primeiro para comprobar como fóra de Castro e da Angustia existían nenos e nenas coas mesmas inquietanzas que eu. Tamén que con esforzo un fillo, neto, bisneto .... de labradores podería acadar o mesmo nivel académico que un fillo de avogado, mestre, médico .... cos que me atopei nesa aula A de "privilexiados". E que estes "fillos", aínda que tiveran a noso modo de ver unha vida mellor e non tiveran que pastar as vacas o remataren as clases coincidían cos mesmos problemas que nos.

Para os alumnos do rural a perspectiva de futuro chegados os 14 ou 15 anos era buscar traballo, as leiras xa se iban deixando pero no visor estaba ser carpinteiro albanel, ferrreiro, pintor e pouco máis, (con todos os respectos para estas profesións o digo), e para as nenas a costura, perruquería o seren dependentas nalgún comercio da vila. Parecía impensable cursar estudos superiores.

O Vales permíteunos enfocar o noso futuro segundo unha perspectiva de dirixirte a algo que che gusta e non sair para aquel posto de aprendiz que un primo dun amigo che dixo que estaba libre.

Creo que o Vales marcou o futuro de moitos e moitas, especialmente naqueles anos da xente do rural, que dende o inicio da actividade escolar se mesturaban con compañeiros doutros concellos e de todos os ambitos da sociedade. Poderíamos dicir que empezaba a globalización.

Aínda que o nome foi posterior a miña estaba no colexio, pola vida que xa recorrín debo dicir "GRAZAS VALES".

**Manolo Seijo**  
Un avó, exalumno do Vales



## Personal non docente

"O colexio é o meu lugar de traballo dende hai case 30 anos, é o lugar onde pasei toda a miña vida. Cheguei aquí cando tiña 4 anos, cos meus pais e irmáns e sigo co meu home e fillo. Todos os meus recordos están ligados a este colexio e estou orgullosa de pertencer a este grupo de persoas que axudamos a que funcione cada día".

**Norma Campos Manivesa**

"Para min vir ao cole é unha experiencia nova cada día. Ademais de aprender moitas cousas, igual que @s peques, vívense situacións tan distintas, que sempre sacas unha ensinanza diferente delas. O cole, sen dúbida, é o lugar onde todos aprendemos e compartimos".

**Paula (Administración)**

"O Vales Villamarín é coma o meu segundo fogar, xa que ademais de estudar nel e das case dúas décadas que levo traballando no mesmo, a nosa relación é máis antiga, posto que xa traballaron neste a miña avoa, una tía e a miña nai. Quédome co cariño que me amosan na rúa"

**Raquel Fernández Rodríguez**

"Me gusta mucho el trabajo que realizo y me siento muy valorada. Es como si estuviera dentro de una gran familia. Lo más bonito de mi profesión es cuando estoy fuera del puesto de trabajo y los niños y niñas me reconocen por la calle y se acercan a mí para saludarme y darme su cariño, siendo eso mi mejor recompensa".

**Mónica Bóveda González**

"Cando escoitamos Betanzos resulta case imposible non pensar en ti, no Vales Villamarín, no noso cole, o mesmo que hai xa un tempo recibiu a estes catro cuidadores que

agoran celebran o teu aniversario de vida. Formar parte de ti, da túa historia, fainos sentir inmensamente afortunados. **GRAZAS** por deixarnos coidarTE e por coidarNOS. Parabéns, Vales Villamarín!!!"

**Equipo de Auxiliares coidadoras**

Dende o comedor do Vales Villamarín sumámonos á celebración do 50 aniversario, a por outros 50 máis!!!

**Comedor de Infantil e de Primaria**




Ola rapazada,  
somos  
Pedro e Ana.  
Como levamos no  
cole tanto tempo  
(un pouco menos  
de 50 anos, pero  
case), pensaron en  
nós para escribir un  
pouquiño sobre o  
ben que o pasades  
nas actividades  
extraescolares

Aínda que ao longo dos anos impartimos diferentes actividades, a maioría, cando ve a Pedro, pensa en patinaxe, e cando miran para Ana, ven ximnasia rítmica. Pero este curso, por exemplo, tamén están os compañeiros de baloncesto, fútbol sala, taekwondo e pintura...

Cada ano, cando comezamos en outubro, o noso obxectivo é que coñezades e collades gusto polo deporte, que o incorporedes á vosa vida e que o pasedes tan ben que os días de actividade sexan especiais.

Traballamos moito e vemos como mellorades día a día. Da gusto ver como manexades os patíns, ver nos recreos eses pinchacarneiros, o manexo do balón... Ver como os vosos



compañeiros e compañeiras de actividade pasan a ser compañeiros de recreo. Como os grandes axudan os pequenos, ese nervios o día que facemos as exhibicións ante as familias... E para nós, sobre todo, dan gusto esas apertas nas despedidas, ese volvemos o próximo curso, ver como ides medrando por fóra e por dentro e, aínda que pasen os anos, ter a voso saúdo cheo de cariño cando nos atopamos pola rúa.

Tedes que saber que temos un feixe de carpetas cheas cos debuxos que ides facendo para nós todos os anos e levamos un montón de anécdotas moi divertidas porque sodes moi ocorrentes, moito, moito. Recordamos, por exemplo, o rapaz que non quería ser caco no xogo de polis e cacos. Non sabíamos o que pasaba, e resulta que o seu desexo era ser policía de grande e facer de caco era coma unha traizón, ja, ja, ja. Ou esa rapaza que cando recibiu unha medalla que viña cun pequeno esconchado, apareceu berrando, PROFE, A MEDALLA NON É DE OURO, É SÓ CHAPADA.

Moitas grazas por facernos partícipes das vosas tardes e por confiar en nós ese tempinho de lecer tan importante.

Unha aperta.



## Voz Natura na lembranza

A participación do Vales no programa Voz Natura comeza coa primeira edición no curso 97/98 e xa con anterioridade se levaban a cabo múltiples actividades relacionadas co medio ambiente nas que estaba implicado todo o alumnado dende infantil.


Nas cinco primeiras edicións o Vales Villarín participou no programa sendo responsables dos proxectos os Mestres D. Manuel López Río e D. Jorge Saavedra Mosquera. Na terceira edición o colexio gañó o primeiro premio co traballo "Estudio da pranta de tratamento de augas para abastecer a cidade de Betanzos" no que se implicou a alumnado de infantil e primaria, realizando traballos de investigación sobre a auga e construindo ou visitando un panel didáctico baixo a supervisión de Jorge Saavedra que xa acadara



premios anteriormente coa construción de maquetas. Algúns dos seus traballos ocupaban espazos do colexio ata fai pouco o que nos traía agarimosos redordos daquel afable compañeiro, gran mestre e mellor persoa que foi o mestre Don Jorge.

A partires do curso 2002-2003 produciuse un baleiro no que o colexio deixou de participar en Voz Natura, pero, nos últimos 10 anos, novos compañeiros e compañeiras retomaron o proxecto medioambiental do cole e, artellado como un elemento dos proxectos da biblioteca, seguiu un novo percorrido.

As viaxes polo mundo, a Idade Media, o Principiño,... permitiron reinventarse e crear novos contidos, que amosamos no blogue de Mero. Habilitamos novos espazos como a reforma da horta, a creación dunha nova horta e dun invernadoiro para EI, un bibliopatio, un patio andaluz, unha charca,... Pero queremos máis, novos espazos de lecer para que o alumnado poida desfrutar do contacto e da aprendizaxe directa co medio, e que os valores e actitudes de respecto e coidado da natureza impregnen a súa vida cotiá.





## Un paseo pola Historia da Biblioteca

A biblioteca formou parte do centro dende o momento da súa creación, alá polo curso 72-73 do século pasado.

Nestes 50 anos de vida a biblioteca foi adaptándose ás diferentes circunstancias do centro e á evolución do concepto de biblioteca escolar que supuxo cambios nas súas funcións e na consideración do seu papel dentro do centro.

Os cambios afectaron ao espazo e ao mobiliario, aos fondos, á organización e xestión, sendo un dos lugares do colexio que máis cambiou co paso dos anos.

Foi un camiño andado, unhas veces, a pasiños curtos e outras, con pasos máis longos. Un proceso que supuxo a dedicación de toda a comunidade educativa, cada un dende o papel que lle tocou.

O comezo estivo marcado pola necesidade de escoller os materiais que debían formar parte dos seus fondos; houbo tamén que decidir as súas funcións segundo as idades do alumnado do centro, os espazos asignados e a dispoñibilidade do profesorado.

Experimentou un cambio importante, tanto na ubicación da sala coma nas características dos fondos, no momento do paso da EXG (Educación Xeral Básica) á Educación Primaria, coa implantación da LOXSE.

Despois dun proceso importante de actualización de fondos e informatización da xestión deuse outro paso para conseguir que a biblioteca chegara a ser o eixo vertebrador do proceso de aprendizaxe que se desenvolve no colexio.



Preparámonos para ampliar os seus cometidos, ás funcións relacionadas coa creación e o fomento no alumnado do hábito e do gusto de ler sumáronse as implicadas coa busca, tratamento e comunicación da información.

Comezamos por procurar que a súa presenza chegara a tódolos recunchos do colexio, ademais de sinalizar os camiños que nos levaban a ela colocamos en tódolos corredores paneis informativos. O espazo foise expandindo para dispoñer de zonas para exposicións e dun recuncho lector na entrada do edificio principal. Os libros da biblioteca chegaron ás aulas nas Caixas viaxeiras e a un número significativo de casas nas Mochilas viaxeiras.

As reseñas do alumnado sobre os seus libros favoritos comezaron a publicarse no xornal Betanzos e a súa comarca, que edita a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE).

Procuramos a implicación persoal e afectiva do alumnado: rapazas e rapaces crearon a nosa mascota, Leo, idearon un lema e compuxeron o noso rap. Un pouco máis tarde chegou Mariña á sala de infantil. E as actividades de lectura, con xogos, exposicións, concursos, certames, recomendacións de libros, visitas de autores.

O espazo da biblioteca convertiuse nun lugar de encontro entre alumnado de diferentes idades, especialmente necesario nun colexio con tantos rapaces e rapazas, a través das lecturas compartidas.

Comezaron as actividades de formación de usuarios, a través das que a comunidade educativa foi coñecendo mellor a biblioteca.

No ano 2012 entramos no PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares), o que nos permitiu dar un gran paso. Ademais de aportar investimento para darlle un novo aspecto á sala e renovar fondos, formar parte do grupo de bibliotecas escolares de Galicia supuxo poñer ao noso alcance unha importante formación sobre os novos enfoques pensados para as bibliotecas escolares.

Cada curso desenvólvese no centro un proxecto documental que nos leva a profundizar no coñecemento de diversos temas relacionados coa nosa contorna ao tempo que aprendemos a manexar a información que nos ofrecen os diferentes medios: libros, internet, especialistas,..., todo vertebrado dende a biblioteca.

No ano 2014 formouse o primeiro grupo de alumnado colaborador, cun total de 63 nenos e nenas de 5º. Dende aquela, xeración tras xeración, participan no desenvolvemento das actividades da biblioteca, especialmente guiando ao alumnado máis novo.

Nos últimos anos a biblioteca seguiu ampliando espazos, creouse o Recuncho Fedelleiro nunha aula contigua. Alí os rapaces aprenden robótica, experimentan, crean, deseñan e xogan libremente nos recreos e teñen actividades máis dirixidas no resto das sesións.

Nesta aula está ubicada tamén a radio do colexio, coa que contamos dende o curso pasado, ao entrar a formar parte do programa "Radio na biblio". Dende entón, tanto o alumnado de 5º de primaria, como os mestres, estivémonos formando para poder empregar este medio de comunicación e aprender dos nosos entrevistados. Xa pasaron por "Radio Vales", entre outros, pais que nos falaban da súa profesión, policías municipais, políticas como a alcaldesa de Betanzos, escritores e escritoras como El Hematocrítico, Leticia



Costas ou Antía Otero, artistas como Raquel Queizás ou a presentadora do programa da TVG "Dígocho eu".

Na actualidade, os lectores e lectoras do Vales, os nenos e nenas que visitan todos os días as bibliotecas do edificio de Infantil e a de Primaria, saben que tamén poden ler nas súas casas a través doutros soportes distintos aos dos libros tradicionais. Agora todas as familias poden acceder á plataforma de lectura dixital E-LBE.2

Ademáis, a partires deste ano contamos cun novo programa, o de "Biblioteca creativa" e estamos a mellorar o espazo e os materiais para poder facer actividades de experimentación, creación e investigación. Acabamos de comezar esta nova andaina, pero de seguro que nos vai dar moitos e bos froitos.

En definitiva, a biblioteca é o lugar de luz e calma ao que asistir cando un se sente abafado pola inmensidade do noso cole; é o lugar onde rir e compartir historias cando un acude a 1ª hora ás Lecturas Compartidas e observar as lecturas cómplices entre rapaces ata fai pouco descoñecidos; a biblioteca é o lugar onde atopar resposta ás preguntas, onde atopar luz na escuridade, onde atopar compañía na soidade, onde atopar ledicia na tristura, onde atoparnos porque, sen dúbida, é o lugar máxico da escola, onde conviven miles de historias esperando a ser lidas, vividas e compartidas.

Vémonos na biblio e no noso Blog!

Carmen, Beatriz e Yolanda.  
Equipos de Dinamización da  
Biblioteca de Leo e Mariña



# Premios e proxectos

O CEIP Francisco Vales Villamarín é un terreo moi valioso pola diversidade de nenos e nenas cos que conta, que cada día saen das súas casas coa intención de aprender, colaborar e aportar. Leva 50 anos sementando


con elementos de alta calidade para acadar as mellores colleitas, aquelas que cumpren cos valores e ideais dunha sociedade proveitosa para o futuro, aquelas que nos fan ser mellores persoas.



Claro, precísase de moitos e moitas agricultoras formadas, amantes do cultivo, con vocación e gañas de traballar, de asumir responsabilidades, de levar a cabo ambicións e de crear hábitos de vida e pensamento...

... e de moitas familias colaboradoras, que comparten a necesidade de ilusionar, motivar, acompañar e botar unha man cando é preciso. Compartimos obxectivos e intereses!!

Tamén puidemos contar con persoal técnico que formou a alumnado e profesorado e nos asesorou e acompañou, tanto en persoa coma a través de proxectos e plans das administracións e entidades colaboradoras.





# Unitaria Coirós

As Escolas de Coirós e o CEIP Vales Villamarín levan percorrido un longo camiño xuntos.

Deste camiñar da man desenvolvendo proxectos, compartindo formación, poñendo en marcha iniciativas e celebrando foise tecendo un vínculo que vai máis alá do pedagóxico.

Máis que un centro adscrito, o Vales é un compañeiro do que sempre obtemos apoio, amparo e acollida.

Na nosa memoria queda unha boa morea de gratificantes experiencias produto desta convivencia. Unha das máis queridas por nós, e que mantemos a día de hoxe, son as Xornadas de Convivencia que forman parte do Plan de Acollida, deseñado no seu momento co fin de facilitar ao alumnado de 6º nivel de Educación Infantil o cambio de etapa educativa.

Para as Escolas de Educación Infantil son un evento moi relevante: mostrar e compartir o noso espazo educativo con futuras/os compañeiros/as de Primaria e achegarnos xuntos ao ámbito escolar común que lles agarda, o cole de Primaria, é contribuir a promover o benestar do alumnado e fomentar a idea de pertenza a unha escola común.

Por todo elo, non queremos deixar pasar a ocasión de transmitir os nosos Parabéns ao CEIP Francisco Vales Villamarín, O Noso Centro Adscrito, no seu 50 Aniversario.

**LONGA VIDA AO VALES!**

**Olga e Conchi  
mestras-titoras da EEI  
de Coirós**





4º EI

@S pequerrech@s do cole  
comezamos así este curso...



Superamos con medalla o período de adaptación



Algunhas mostras do que traballamos e desfrutamos:

EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO



RECICLAMOS



DEMOS ABENVIDA AO OUTONO



MONSTRUOS EN INGLÉS

MONSTRUOS EN INGLÉS



TALLER DE CABAZAS





4º EI

Experimentamos coa luz negra



O xardineiro Mero ensinounos a plantar



E VAIA SE APRENDEMOS...



E chegou a primavera e celebramos os maíos



Todo isto e moito máis: cantamos, bailamos, xogamos,..

**PARABÉNS AO COLE VALES VILLAMARÍN**







## 6º EI

Este curso os/as nen@s de 6º de infantil pasámolo moi ben. Fixemos moitas cousas.  
O que máis nos gustou foi:

## APRENDER COUSAS DE CHINA



## SAÍR DE EXCURSIÓN





6º EI

DISFRAZARNOS



E MOITAS COUSAS MÁIS



MAIOS



HORTA



INSTALACIÓNS



ACTUACIÓNS



FIXEMOS MACEDONIA





1º EP

# O MELHOR DESTA



Jogos do PLANETARIO



fixemos un patio andaluz



NO MUI CYT BOTAMOS A  
VOAR AS HELICES QUE  
FIXEMOS CON PAPEL



E MERENDAMOS A  
CARÓN DO MAR!!





1º EP

CURSO Fot...



Fono ó ~~gato~~ Belle



Os meus obrados: foto  
fotografía, foto de grupo de  
conexións animais



## 2º EP

## Gustounos...

**TER UN PATIO PARA TODOS/AS.** Os nenos e nenas de 2ºA estamos moi contentos e contentas pola gran acollida da nosa proposta de patio.



Démonos conta de que no patio hai nenos e nenas que as veces están sos ou soas, outras veces choran porque non atopan con quen xogar ou non atopan aos seus amigos e amigas, ou porque alguén lles lastimou...

Así que pensamos que todos e todas podemos ser axudantes de patio e decidimos que para poder atopar aos axudantes podíamos levar unha chapa. Creamos un logo e repartimos as chapas por todas as clases explicándolles cal era o seu propósito. Moitos rapaces e rapazas se apuntaron para axudar xunto cos mestres e mestras para crear un patio para todos e todas.



**QUE NOS VISITARA ASPACE** (Asociación de Persoas con Parálise Cerebral) para ensinarnos, aos nenos e nenas de 2º de Primaria, os deportes que practican.

Xogamos á boccia, fixemos slalom en cadeira de rodas e montamos en bicicleta adaptada.

Gustounos moito aprender estes deportes. Estas persoas son un grande exemplo para nós. Son uns grandes deportistas.

**A CHARCA DO VALES.** No noso colexio fíxose unha charca entre a rapazada de 4º e de 2º de Primaria. A charca está no patio de 1º e construíuse ó longo do mes de marzo coa colaboración da Asociación das Mariñas.

Na charca podemos ver paxaros, fresas, zapateiros, cágados, crías de mosquitos...

Grazas a ela, a rapazada do cole aprenderá a coidar e respectar os seres vivos que alí vivan.





## 2º EP


**SABER QUE SON AS AS ENFERMIDADES RARAS.** O pasado 12 de maio dúas compoñentes da Federación Española de Enfermidades Raras (FEDER) viñeron ao cole a presentar este programa educativo para fomentar o respecto ás diferencias e normalizar a imaxe das enfermidades raras (ER) entre a poboación infantil.

Así a través da historia de Federito, un trevo de catro follas, foron introducindo estes valores e dando a coñecer as ER dun xeito lúdico e pedagóxico como que afectan a 5 persoas de cada dez mil, que non son contagiosas e que case todas (un 80%) teñen causas xenéticas. Ao final da sesión todos e todas nos convertimos en trevos de 4 follas.



**O MUSEO DAS MARIÑAS PREPÁROUSE PARA RECIBIRNOS.** No mes de abril o alumnado de segundo de primaria do Francisco Vales Villamarín fomos ao museo das Mariñas en Betanzos. No museo tíñanos preparado un xogo de procura sobre o traxe galego. Anxo, o encargado do museo, ensinounos moitos se-

gredos que garda o museo: os traxes galegos, o cine, a máquina do liño, as tumbas dos Irmandiños e da primeira muller de Fernán Pérez de Andrade, vimos esculturas dos irmáns García Naveira, mobiliario da antiga escola... Foi unha visita moi bonita onde aprendemos moito.



## 3º EP

## Gustounos...

**INVESTIGAR DURANTE TODO O CURSO SOBRE A CULTURAS DE AMÉRICA DO SUR...** e descubrir que en Perú, na Cordilleira dos Andes, medra unha planta chamada "ichu" que, tradicionalmente, se empregaba para alimentar o gando ou facer cestos.

Na actualidade estanse a descubrir novas posibilidades de uso porque resiste temperaturas entre 30 graos centígrados até -20 graos. Por iso, crese que pode servir para a creación de traxes espaciais.



No Entroido disfrazámonos de rumbeiros e rumbeiras brasileiras e enchemos o Pasatempos de cor e música. Ademais, poidemos ver aos nosos familiares mentres desfilábamnos e foi moi bonito porque nos outros niveis ían disfrazados de esquimais, australianos, chineses, galos de Portugal, africanos, mexicanos, xaponeses e hindús.

O venres 28 de abril, fomos ao cine Alfonso para ver a película "Encanto" porque está ambientada en Colombia, na casa máxica da familia Madrigal.





## 3º EP



**VISITAR O PAZO DA ÓPERA** na Coruña no mes de marzo. Alí tivemos a sorte de escoitar un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia e o seu Coro Xoven. Foi impresionante escoitar cancións de películas de Disney: "Encanto", "La Bella y la Bestia", "Toy Story"... Ademáis desfrutamos dunha merenda e xogamos no parque de Santa Margarida.



**PLANTAR!** Coa chegada da primavera comezamos a plantar. Primeiro sementamos landras, o froito do carballo (non é landreiro!). Despois fabas, pementos e tomates. Usamos cartóns de leite, de zume, botellas grandes de auga.. Así tamén reutilizamos envases!. Todos os días observamos o crecemento e botamos auga, se a precisan. Cando teñan o tamaño axeitado iremos á horta a transplantar.



**FACER O "ROTEIRO DA AUGA"**. En Abril fixemos o roteiro da auga e fomos ata os muíños de Caraña, o antigo secadeiro de peles e ata chegamos á depuradora ao final do porto de Betanzos. Polo camiño vimos pasar o tren.






## 4º EP

## Gustounos...

...Cando fomos ver a **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA** coa obra "Walt y Diana. El viaje continúa". Foi moi especial porque había unha historia e moita música. Tamén paseamos un anaco para rematar nun parque onde paramos a almorzar e xogar.

...O **MUSEO DAS MARIÑAS** que está situado onde a biblioteca de Betanzos. Ensináronnos moitas cousas: a tumba dos Andrade, a roupa que levaban antes, o cine máis antigo de Betanzos...

...As **ESCRITURAS CREATIVAS** que son como historias tolas que nos inventamos cada semana. As favoritas foron a da lotería, na que tiñamos que facer unha redacción sobre que faríamos se nos tocase a lotería na vida real, onde viviríamos, que mercaríamos... Tamén nos gustou o menú de Samaín onde tiñamos que elixir comidas asquerosas ou monstruosas.



...as **INVESTIGACIONES SOBRE MÉXICO**: tivemos que facer moitas visitas á biblioteca e empregar os ordenadores para buscar información sobre: o día dos Mortos, receitas mexicanas, inventos... e **DISFRAZÁMONOS DE MEXICANOS**



...ser **GUÍAS TURÍSTICOS/AS**: cada un buscamos información sobre a CC.AA. que nos tocou, despois tivemos que facer un tríptico recollendo toda a información, buscar as fotos dos lugares a visitar e agora estamos gravando un vídeo para que todos poidades ver a información. Foi moi divertido e gustounos moitísimo.




## 5º EP

## È que pasou durante o curso 2022- 2023?

O alumnado de 5º de primaria, despois de facer a subida máis rápida da historia, á planta de sexto sen pasar pola de 5º, estívenos rodeados de marabillas coma a sala de biblioteca e a de robótica. Dispoñemos de tecnoloxía portátil e temos bastante mellor dominio que a principio de curso, cando falar dunha presentación dixital supoñía un imposible para a maioría. O cambio de profesor/a e o libro de texto dixital xa están superados.

O proxecto de biblioteca mergullounos na cultura xaponesa; primeiro aterrámos nun país moi distante e descoñecido, que nos foi atrapando pouco a pouco. Pescudamos e compartimos información, saboreamos as súas receitas, lemos lendas, textos manga, introducímonos na súa arte e recreamos edificacións, xardíns e figuras moi propias nos nosos proxectos de clase. Unha mamá dun alumno de infantil, natural de Xapón, tivo a xenerosidade de vir contarnos, en primeira persoa, hábitos e costumes propias do seu país.





## 5º EP

Compartimos co resto do centro o interese pola figura de Francisco Vales Villamarín. Con motivo do 50 aniversario da existencia deste colexio, descubrimos a este gran mestre e betanceiro ilustre. Lembrouse o descubrimento da placa que lle daba o seu nome,

segundo acordou o Pleno do Concello de Betanzos o día 30 de decembro de 1980. Tamén fixemos un percorrido, coa axuda dos nosos maiores, da evolución da educación nos últimos cincuenta anos. Canta xente pasou por estas aulas nas que agora nos sentamos!!!!



A verdade, resumir todos os meses do 2022-2023 é complicado, pois cadaquén destacaría unha conmemoración, unha actividade, unha experiencia diferente, pero todos e todas coincidimos en que se trata dun curso intenso. Agora estamos a preparar un

musical que percorre cinco décadas, dende os anos sesenta ata a actualidade. Bailamos, cantamos, contamos... esperamos que se poida representar para un gran público e quede moi ben. Estamos a descubrir novos talentos nos ensaios e é moi divertido!



Musical  
últimas  
cinco  
décadas





## 6º ΕΡ

**Betanzos, 10th February 2023**

Hello, friends:

Thanks for your letter. We're going to tell you something about us.

We are delighted to be in contact with you.

Greetings from all of us.

**Betanzos from 6th A and 6th B**

Hello,

How are all you?

We are from year 6 in CEIP Francisco Vales Villamarin in Betanzos.

Betanzos is a small city with around 13,000 people. There are two rivers called Mandeo and Mendo where you can go canoeing.

It's a tourist city to visit historical places.

In our town, there was an ancient wall around the town with seven gates. Some of its gates can still be crossed from the medieval wall of Betanzos. In fact, it is one of the cities in Galicia that preserves a greater number of them, such as the Puerta del Puente Nuevo, Puerta del Cristo and Puerta del Puente Viejo.





## 6° ΕΡ

In the centre of the town there are several very monumental old churches. We have two buildings dedicated to the town hall.



And in the centre of the most popular square is the Diana Cazadora fountain, the music box and the statue of the García Naveira Brothers.



In the Pasatiempo park you can see a big stone lion and the caves.



Betanzos celebrated the 800th anniversary of its foundation in 2019 and was one of the 7 provinces of the Old Kingdom of Galicia.



In summer, you can do sports in Betanzos like swimming in the public pool, basketball, football,.. In July there is a party called Fiesta Medieval, it has a lot of attractions and stands with things you can buy about the medieval era.



## 6° ΕΡ

On 16th August at night, you can also see the biggest paper balloon in the world, it's full of drawings from local artists.



We meet our friends in the main square on Friday evenings and we go to the sweet shop. If you visit Betanzos don't forget to try the typical Betanzos' omelette.

**Our school "Ceip Fco. Vales Villamarín"**  
from 6th C and 6th D



This is our school. And this year we celebrate its 50 birthdays. It's very big and a little old. In our school, we have 3 football fields and 3 basketball courts. We have a big library, a music room and a robotics room. We have four playgrounds, a game room, and a dining hall.

For Pre-primary we have another building far from Primary about four hundred metres.





## 6° ΕΡ

During our breaktime, we go to the playground with our friends, and we play different games. We also use the library.



We have two gardens and next to our school there are two secondary schools; IES Francisco Aguiar and IES As Mariñas.

## LEVEL 6th from 6th E and 6th F

As we have already told you, our school is very big. Only in sixth grade there are 138 students divided into six clases: 6th A, B, C, D, E and F.

There are fourteen teachers in our level but there are seventy teachers for all the school and around a thousand pupils. This is our corridor and classrooms.





**Manuela Domínguez Lorenzo**

XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

## Un día especial



Como todos os anos o Colexio Vales Villamarín celebrou o Día Mundial da Discapacidade.

Nesta edición contamos cun recorrido moi especial que permitiu que os nosos cativos e cativas tomasen conciencia xogando das diferentes capacidades que temos cada un. Habilitáronse distintas propostas nas que todos e todas participaron dun xeito entusiasta:

- Adiviña, adiviña...qué escoitamos?
- Supera barreiras
- Caixa sensorial
- Pita cega
- Pés xuntos
- Circuito coas mans
- Adiviña, adivinanza con...música!
- Pegadas divertidas
- Pon o rabo ao burro
- Goll!

Desde o Departamento de Orientación sentímonos moi satisfeitos cos resultados desta xornada, xa que familia, alumnado e profesorado gozaron xuntos das actividades programadas.

Vémonos o curso que vén!




# Aulas cos cinco sentidos

Unha columna de burbullas que moven pequenos peixes de distintas cores dunha forma regular e compasada...

Unha alfombra cuberta con diferentes texturas: rugosas, suaves, ásperas, lisas...

E caixas e instrumentos musicais que emiten un son de cada vez... son algúns dos materiais e propostas que ofrecen as aulas multisensoriais do noso colexio. Perseguiamos crear un espazo de aprendizaxe que permítise aos nenos e nenas con condicións especiais interactuar coa súa contorna a través da estimulación dalgún ou de varios dos seus sentidos. Os logros conseguidos integrando tecnoloxía, sensacións e imaxinación achega ao noso alumnado unha aprendizaxe inclusiva e integrador que foi posible grazas á participación do noso centro nos Plans de Innovación Educativo dirixidos a favorecer ao noso alumnado e especialmente ao alumnado de Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Apúntadevos a un proxecto con futuro!





# Xogos do mundo en Educación Física

Nas clases de Educación Física, traballando no proxecto do centro deste curso, fixemos un montón de xogos do mundo e démonos conta de que moitos dos xogos populares que temos aquí en Galicia tamén se fan con outros nomes en moitos países. Aquí vos deixamos a mostra dalgúns dos xogos que practicamos en conxunto os distintos cursos do centro, fomentando tamén a colaboración e a socialización entre o alumnado.

### SALTO LONXITUDE



### BUXAINA, PEÓN ou BAILARETE (Venezuela)



### 3 EN RAIÁ (Sudamérica)



### CORDA (Cuba, Colombia...)



### SACOS (Ecuador)





4 ESQUINAS



ZANCOS (Xapón)



BIRLOS (Finlandia, Colombia...)



CHAPAS



MARIOLA o Rayuela (Ecuador)



BRILÉ o Queimada (Brasil)





## Un ano musical

A música e o baile acompañounos durante todo o curso para facernos a vida máis alegre e mellor. Por iso disfrutamos tanto das actividades nas que estivemos todos xuntos, como no Festival de Nadal, no Día da Paz ou no Entroido, no que cada nivel desfilou coa música da cultura escollida para traballar o PDI "A diversidade cultural".

Encantounos tamén, a celebración conxunta do Día das Letras Galegas porque vimos bailar ás compañeiras e compañeiros e tamén a algúns mozos e mozas que estudaran no Vales e viñeron a participar da festa. Forman parte do grupo Azougue. Tras a súa actuación cantamos o Himno Galego e bailamos ao noso xeito.



Pero ademáis...  
En 1º Ed. Primaria  
o profe Pablo, ensi-  
nounos a trompa e  
tivemos a sorte de  
escoitala e poder  
tocala en directo.



En 3º visitounos o profe Paco e nos contou anécdotas de cando el era mestre no cole, e nos ensinou a cantiga "Cucú". Tamén fomos ao IES Aguiar a aprender co alumnado de 3º ESO e a súa profe de música, sobre instrumentos antigos e ata fixemos un concerto cos instrumentos que eles mesmos elaboraran!



O alumnado de 3º e 4º Ed. Primaria fomos ao Palacio da Ópera ao concerto "Walt e Diana a viaxe continúa" onde puidemos disfrutar con bandas sonoras de Disney interpretadas pola Orquestra Sinfónica de Galicia e o coro. En 5º Ed. Primaria tivemos a sorte de ser invitados a un concerto didáctico da Banda Municipal da Coruña no centro Ágora.

Os alumnos e alumnas de 6º coñecemos os instrumentos populares nun concerto didáctico que tivemos na Sala de Usos Múltiples do colexio.







## 50 anos defendendo a nosa lingua

O noso centro leva o nome dun ilustre escritor betanceiro, Francisco Vales Villamarín, que foi un dos fundadores da Real Academia Galega e un defensor da lingua e da nosa cultura. Seguindo o seu exemplo, dende o equipo de Dinamización da Lingua Galega queremos compartir con toda a comunidade educativa este breve conto sobre a nosa lingua, non se antes aproveitar este aniversario para agradecer de corazón a todas as persoas (docentes, alumnado, familias, persoal non docente...) que contribuíron e contribúen, dalgún xeito, a fomentar, difundir e usar a nosa lingua durante estes 50 anos. *Graciñas!*

### O día que a nosa lingua falou

Era un día de xuño de moito calor e o colexio Vales Villamarín estaba a piques de rematar as clases. Os nenos e nenas estaban impacientes por saír ao patio e xogar coas súas amigas e amigos. Pero antes tiñan que facer unha última actividade: escribir unha carta en galego para celebrar o 50 aniversario do centro.

- Que aburrido! - queixouse Xoán, que quería ir á sala de xogos.

- A min tampouco me apetece - dixo Laura, que prefería ir ao recuncho fedelleiro a deixar voar a súa imaxinación.

- Pois a min pareceume unha boa idea - defendeu Antía.

- Si, claro, seguro que ti xa tes a túa carta feita - burlouse Xoán.

- Non, aínda non a teño, pero xa sei o que vou poñer - respondeu Antía con orgullo -. Vou poñer que me gusta moito o meu colexio porque aprendo moitas cousas interesantes e porque emprega a lingua galega en todas as actividades.

- E iso que ten de especial? - inquiriu Xoán con desgana.

- Pois ten moito, porque o galego é a nosa lingua, a lingua da nosa terra, a lingua dos nosos avós e avoas, a lingua da nosa cultura - argumentou Antía con entusiasmo.

- Si, si, xa sei todo iso, pero é que o galego é moi difícil e aburrido - replicou Xoán.

Nese momento, algo extraordinario ocorreu. A nosa lingua, que estaba escoitando toda a conversa desde un recuncho da clase, decidiu intervir. Cansa de que algúns nenos e nenas non lle prestasen atención nin lle desvalor, decidiu falar.

- Ola. Son a voso lingua, o galego - dixo cunha voz amable pero firme que saía a través dunha luz brillante.

- Que? Quen falou? - preguntaron sorprendidos Xoán e Laura.

- Falei eu, a voso lingua. Estaba aquí agochada detrás dun libro e decidín saír para falar convosco.

- Pero como podes falar? - dixo Xoán incrédulo.

- Porque as linguas falan. As linguas son un medio de comunicación entre as persoas. E tamén teñen vida propia. Teñen historia, teñen evolución, teñen riqueza... - dixo o galego.



- E para que nos queres falar? - preguntou Laura intrigada.

- Pois para contarvos un pouco máis sobre min e sobre a importancia que teño para vós e para o voso colexio - respondeu.

E así comezou unha charla moi interesante entre a nosa lingua e os nenos e nenas da clase. O galego contoulles como nacera hai moitos séculos a partir do latín, como fora a lingua dos trovadores, que escribían poemas moi fermosos e musicais chamados cantigas. Tamén lles contou que foi a lingua dos reis de Galicia e Portugal, que falaban e escribían galego-portugués; e que foi a lingua dos escritores do Rexurdimento, que recuperaron o galego para a literatura no século XIX.

- E tamén podes contar como es a lingua dos escritores e escritoras de hoxe, que fan libros moi bonitos e divertidos para nós - engadiu Antía.

- Si, claro. Tamén podo contarvos iso. Hoxe en día hai moitos autores e autoras que escriben en galego para os nenos e nenas de todas as idades, como Antía Otero ou Raquel Queizás que vos visitaron este ano. Hai libros de aventuras, de misterio, de humor, de fantasía, de ciencia ficción... - dixo o galego con orgullo.

- E onde podemos atopar eses libros? - preguntou Laura con interese.

- Pois podeades atopalos na biblioteca, polos corredores do cole, en bibliopatio ou nas caixas viaxeiras, por exemplo. Seguro que Leo e

Mariña poden axudarvos a atopar o libro que máis vos guste - respondeu o galego.

- E ti tamén vives cando lemos? - preguntou Antía.

- Si, claro. Eu vivo cando me usades, é dicir, cando me falades, cando me escoitades, cando me escribides, cando me ledes... Podeades lerre en voz alta, en silencio, con outras persoas, sos... O importante é ler con ganas, con atención, con imaxinación... Ler é unha forma de aprender, de divertirse, de soñar... Ler é unha forma de vivir. Por iso vos pido que me coidedes, que me respectedes, que me amedes... Porque eu son a vosa lingua, o voso patrimonio, a vosa identidade - dixo o galego con emoción.

Os nenos e nenas quedaron impresionados coas palabras do galego. Sentiron unha mestura de sorpresa, admiración e agarimo pola súa lingua. Decidiron escribir as súas cartas en galego para expresar o seu agradecemento e o seu compromiso coa nosa lingua. E así fixeron.

Cando remataron as cartas, o galego despediuse deles cun sorriso e volveu ao seu recuncho na clase. Pero antes de marchar díxolles: "Grazas por escoitarme e por escribirme. Espero que sigades falándome e lendo libros en galego. E se algún día queredes volver falar comigo, xa sabedes onde me atopar. Estarei sempre aquí para vós".





## Comidas de Sudamérica



Acaraje

Ajiaco

Arepas

Asado

Ceviche

Chivito

Choripan

Cuy

Dulcedeleche

Feijoada

Conmigo os nen@s  
aprenden  
conmigo os nen@s xogan  
son o cole máis molón  
deste mundo tan inundo

CEIP Francisco Vales Villamrín

Úsanme para corrixir  
un exame ou ao escribir,  
non son un profesor  
do sanque teño a cor

Bolígrafo vermello

Sempre te corrixo  
se ti te equivocas,  
con diversas formas  
nos estoxos me atobas

Goma de borrar

Catro patas teño,  
pousas cousas  
sobre mín  
Coñecesme?

Mesa

Dentro de carbón  
fóra de madeira  
no meu maletín  
vou a escola

Lapis

O fin de curso se achega  
e nese lugar verás  
aos nenos/as bailar

Sala de usos múltiples

Algunhas somos flexibles,  
conmigo non escribes.  
Antaño eu pegaba  
pero aínda non bailaba.  
Ás veces fago olas  
e os meus números miden cousas

Regra

Teño palabras  
teño sabiduría  
e a Leo vexo  
todos os días

Biblioteca Vales

É divertido  
é agradable  
e a todo o mundo  
lle gusta

O recreo

Cando soa o timbre do recreo  
podes ir a un lugar  
no que te vas a divertir.  
Que é?

Sala de xogos

Corta e non é un coitelo,  
afía e non é afiador  
préstache os seus servizos  
e así escribes mellor

Afiapapis

Alí os nenos nunca queren ir  
Pero se te portas mal  
Obriganche a acudir  
Que é?

Despacho de dirección



# 8 erros



# Sopa de letras


h r o e v e t o n s i b i l  
 l o n u t u t a a o i l d s  
 b r r a p y v v t g a n i p  
 e e d t x a o a a o u r m e  
 u m l n o n u l l x s a b m  
 v a o e r a e l i e d u i r  
 n x o u n j r n a d s b b i  
 m e b c a u l o s a o e l e  
 d a a n l a e l m l e d i s  
 a m d i i p m l a a r j o n  
 o r e c ñ a s i r s t l t s  
 o o v l o j v v s a n i e u  
 a n d a r f r a n c i s c o  
 n a e o a s a p e e s d a o

1. Nome do fundador do noso cole.
2. Nome da profesora de sexto E.
3. Nome da profesora de Relixión.
4. Estancia onde xogamos ao cluedo, virus...
5. Nome da administrativa do centro.
6. Nome do lugar onde se celebran os actos de graduación.
7. Anos que cumpre o noso cole no 2023.
8. Primeiro apelido do fundador do noso cole.
9. Nome da conserxe do edificio de Primaria.
10. Nome da profesora de 4º A.
11. Estancia onde facemos lecturas compartidas.
12. Mascota da Biblioteca e profe de 3ºA.
13. Mascota do noso horto.
14. Nome da nosa revista.
15. Coidadora do comedor.
16. Profesora encargada da horta escolar e de Voz Natura.
17. Lugar onde se aprende.
18. Nome do director do colexio.
19. Proba que faise a partir de terceiro curso e ten nota.
20. Plantación feita por 6ºE xunto as clases de primeiro.



# Xogos populares

Atrévete a facer este encrucillado sobre os xogos populares!



## Horizontal

3. Tapóns de botellas que se empregan para facer xogos no chan golpeándoas cun dedo.
5. Puntúase lanzando dende certa distancia uns discos (chamados pellos) cara á boca dun animal anfíbio.
6. Unha persoa salta unha corda que dúas persoas fan xirar.
8. Peza de madeira con forma de cono e cunha punta de metal que se fai bailar por medio dun cordel.
10. Dous equipos van eliminando aos membros do equipo rival dándolles no corpo cunha pelota.
11. Catro persoas cambian de esquina mentres o que apanda trata de roubar unha.
13. Vaise saltando á pata coxa ou cos dous pés ata o número 10.

## Vertical

1. Gaña o que logre poñer no taboleiro tres fichas en liña.
2. Camiñar enriba duns botes ou de paus.
3. Carro con rodas e unha corda co que unha persoa vai levando a outra.
4. Sáltase ao ritmo dunha canción unha goma elástica que está suxeita polas pernas.
7. Hai que lanzar unha bóla pesada a ras do chan para derrubar 10 pezas con forma de botella.
9. Despois de lanzar unhas bólas, gaña o que e se achegue máis ao boliche.
12. Bolsas grandes na que se meten os participantes para facer unha carreira a saltos.
13. Palillos chineses que hai que ir sacando sen mover os demais.

# Crónica dunha celebración

A principios de curso colocouse unha gran lona no frontal do edificio co logo conmemorativo desta celebración realizado polo be-tanceiro, ex alumno, deseñador e ilustrador, Xosé Tomás.

O 9 de decembro máis dunha trintena de mestres e mestras xubilados realizaron unha xornada de convivencia. Volveron ao seu cole, reviviron e recordaron momentos, e volveron ás aulas.



O 3 de febreiro un reducido grupo formado por unha ducia de persoas que foron alumn@s e agora son avós e avoas do alumnado actual conviviron e recordaron o seu espazo escolar. Os rapaces a rapaces recibíronos cos brazos abertos e despois puideron manter un encontro moi agradable na biblioteca, onde compararon o Vales no que eles estudaron co Vales do presente.



O 3 de marzo un numeroso grupo de ex alumn@s de todas as épocas fixeron unha emotiva xornada de reencontro co seu colexio.





Os días 13, 20 e 27 de abril celebramos un ciclo de charlas: sobre a vida e obra de D. Francisco Vales Villamarín, a cargo de Alfredo Erias e Xesús Torres, sobre a Evolución do sistema educativo en España impartida

por Eduardo Fuentes Abeledo, e para finalizar unha mesa redonda cos ex directores e o director actual para dar unha visión da evolución do centro nestas 5 décadas.



O 5 de maio a alcaldesa, en nome do Concello de Betanzos faille entrega ao CEIP "Francisco Vales Villamarín" da medalla de prata do Concello polos seus 50 anos de vida e traxectoria no ámbito educativo.



O 16 de maio realizouse un acto institucional con representación dos organismos oficiais; Conselleiro de educación, Delegado territorial, Xefe territorial, Xefe da inspección, Inspector de zona, alcaldesa e grupo

de goberno local, representantes da familia Vales Villamarín, así como representantes de centros educativos da contorna, de asociacións culturais e de entidades e empresas relacionadas co colexio nestes 50 anos.



O día 17 de maio participou unha boa parte da comunidade educativa nunha Andaina solidaria na que se recadaron alimentos, produtos de limpeza e hixiene para as persoas deste municipio máis vulnerables ou necesitadas.



Do 6 ao 28 de xuño permanecerá aberta ao público no Edificio Arquivo (Liceo) unha exposición deste período vivido polo centro.



ESTADO ESPAÑOL  
MINISTERIO DE EDUCACION Y CIENCIA  
COLEGIO PUBLICO COMARCAL  
FRANCISCO VALES VILLAMARIN  
BETANZOS 1982



XUNTA  
DE GALICIA

**CEIP Francisco Vales Villamarín**

**50 ANIVERSARIO**

**1973 - 2023**

***Betanzos, maio 2023***



